

Informe de legalidade sobre o proxecto de decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do ámbito da Comunicación e Ciencias Sociais e do ámbito de Ciencias Aplicadas dos ciclos formativos de grao básico de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, emito o seguinte

INFORME

1. Marco normativo e competencial

O marco xurídico competencial que atribúe aos órganos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a elaboración da presente norma parte do artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, consonte o cal é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao apartado primeiro do seu artigo 81 o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

O Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dispón no seu artigo 1 que lle corresponden a esta consellería, entre outras competencias e funcións, a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, e a coordinación do sistema universitario, de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, nas leis orgánicas reguladoras do sistema educativo español e demais normativa de aplicación.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, regula no capítulo terceiro do seu título preliminar a definición de currículo e enumera os elementos que o integran. De acordo co seu artigo 6, as administracións educativas establecerán o currículo das distintas ensinanzas reguladas nesa lei.



Consonte o seu artigo 3.3, a educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e os ciclos formativos de grao básico constitúen a educación básica.

O artigo 30.2 da citada lei establece que os ciclos formativos de grao básico facilitarán a adquisición das competencias da educación secundaria obrigatoria a través de ensinanzas organizadas nos seguintes ámbitos:

- a) Ámbito de Comunicación e ciencias sociais, que incluírá as seguintes materias: 1º Lingua castelá, 2º Lingua estranxeira de iniciación profesional, 3º Ciencias sociais, 4º Lingua cooficial, de ser o caso.
- b) Ámbito de Ciencias aplicadas, que incluírá as seguintes materias: 1º Matemáticas aplicadas, 2.º Ciencias aplicadas.
- c) Ámbito Profesional, que incluírá, polo menos, a formación necesaria para obter unha cualificación de nivel 1 do Catálogo nacional das cualificacións profesionais a que se refire o artigo 7 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

2. Necesidade e oportunidade

No anexo V do Real Decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria, fíxanse as competencias específicas, os criterios de avaliación e os contidos, para os ámbitos de Comunicación e ciencias sociais e de Ciencias aplicadas. Estes ámbitos veñen substituír os módulos asociados cos bloques comúns de Comunicación e sociedade e de Ciencias aplicadas, da anterior ordenación de formación profesional básica.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o currículo dos módulos asociados cos bloques comúns de Comunicación e sociedade e de Ciencias aplicadas, da anterior ordenación de formación profesional básica, está regulado no Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos, e no Decreto 71/2017, do 24 de maio, polo que se establecen seis currículos de títulos profesionais básicos.

A disposición derradeira terceira do Real Decreto 217/2022, do 29 de marzo, establece que o disposto nese real decreto implantarase para o primeiro curso dos ciclos formativos de grao básico o curso escolar 2022-2023 e para o segundo curso, no curso escolar 2023-2024.



3. Tramitación

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, establece no capítulo II do seu título II o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral. O artigo 41 regula a fase inicial e sinala que a elaboración das devanditas disposicións iniciárase por acordo da persoa titular da consellería na que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa. Así, o presente proxecto de decreto foi elaborado como anteproxecto pola Dirección Xeral de Formación Profesional que remite á Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa e Réxime Xurídico a seguinte documentación:

- Acordo do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de 2 de maio de 2022, de inicio do procedemento de elaboración da norma.
- Texto do anteproxecto.
- Memoria de legalidade, acerto e oportunidade.
- Memoria económico-financeira.
- Táboa de vixencias.
- Informe do Servizo Técnico-Xurídico, de 30 de maio de 2022.

Non consta o certificado de consulta pública previa que esixe o artigo 41.2, dado que a proposta normativa non ten impacto significativo na actividade económica, non impón obrigas relevantes aos destinatarios e ademais regula aspectos parciais dunha materia que xa está establecida en dous decretos autonómicos (decretos 107/2014 e 71/2017)

Logo de finalizar esta fase do procedemento mediante a aprobación inicial do texto como proxecto de decreto polo conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o 1 de xuño de 2022, seguíronse os trámites da fase intermedia previstos no artigo 42 da Lei 16/2010.

De conformidade co artigo 41.5 da mesma norma, consta certificado da directora de Área de Administración dixital na Amtega que no período comprendido entre o 03/06/2022 e o 26/06/2022 (en cumprimento do disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno), se expuxo públicamente no portal de Transparencia e Goberno Aberto o texto íntegro do proxecto de decreto, sen recibirse ningunha suxestión.

Así, na tramitación do proxecto solicitouse informe á Secretaría Xeral da Igualdade —emitido o 13 de xuño de 2022—, e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos

[Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades](#)
[Secretaría Xeral Técnica](#)
[Edificio Administrativo San Caetano, nº 2, baixo](#)
[15781 Santiago de Compostela](#)



—emitido o 9 de xuño de 2022—. Do mesmo xeito, trasladouse o texto ás distintas consellerías para o caso de formular as observacións que consideraran pertinentes.

De acordo co artigo 42.9 da Lei 16/2010, remitiuse á Consellería de Política Social e Xuventude unha análise do impacto demográfico do proxecto e a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica emitiu informe con data 10 de xuño de 2022.

Consta no expediente ditame do Consello Escolar de Galicia emitido en xuntanza do 11 de outubro de 2022, acta e certificado da Mesa Sectorial Docente da xuntanza de 25 de maio de 2022.

Consta tamén memoria da Dirección Xeral de formación Profesional, do 3 de febreiro de 2023, sobre a fase intermedia.

A Asesoría Xurídica de Educación emitiu informe o 3 de abril de 2023.

Consta memoria da Dirección Xeral de Formación Profesional, do 26 de abril de 2023, en relación ás observacións formuladas no informe da Asesoría Xurídica de Educación

De conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, por considerar que se axusta á legalidade vixente, informo favorablemente o proxecto de decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do ámbito da Comunicación e Ciencias Sociais e do ámbito de Ciencias Aplicadas dos ciclos formativos de grao básico de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela

Manuel Vila López
Secretario xeral técnico

